

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI PLURILINGÜE FONTE DÍAZ  
CURSO: 6º E. PRIMARIA  
MATERIA: Lingua estranxeira; Inglés

MARÍA ASUNCIÓN ALLER ALAMANCOS

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles .....</b>	<b>3</b>
<b>2. Avaliación e cualificación.....</b>	<b>7</b>
<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) .....</b>	<b>7</b>
<b>4. Información e publicidade .....</b>	<b>9</b>

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

En canto ás competencias cabe dicir que dada a situación que estamos vivindo a competencia dixital así como a competencia de aprender a aprender son as máis potencias de por sí.

### Bloque 1. Comprensión de textos orais

Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual. □	PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).	CL
B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto. □	PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).	CL
B1.4. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.	PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).	CL

## Bloque 2. Producción de textos orais: Expresión e interacción

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
B2.1.Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación.	PLEB2.1.Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.	CL
B2.5. Interactuar de maneira moi básica, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais (p. e. xestos, etc) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversa.		

### Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<p>B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual. □</p>	<p>PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.</p>	<p><b>CL</b></p>
<p>B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen. □</p>	<p>PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita, etc.</p>	<p><b>CL</b> <b>AA</b></p>
<p>B3.4. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.</p>	<p>PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador)..</p>	<p><b>CL</b> <b>AA</b></p>

#### Bloque 4. Producción de textos escritos

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
B4.1.Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1.Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	CL
B4.2.Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.	PLEB4.2.Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.	CL
B4.3.Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.		CL
B4.8.Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.		CL AA

#### Bloque 5. Conocimiento de la lengua y conciencia intercultural

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
B5.1.Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.	PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición.	SC
B5.2.Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos	PLEB5.2.Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).	CL SC

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais.		
B5.3.Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).	PLEB5.3.Participa en conversas por medios técnicos (teléfono, Cisco Webex Meeting) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).	<b>CL</b> <b>SIEE</b>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	A Avaliación realizarase a través do análise e valoración das tarefas entregadas polo alumnado en resposta as actividades propostas a través de Google Classroom e nas videoconferencias semanas. Tamén a través dos libros dixitais na plataforma Blink Learning.
<b>Cualificación final</b>	Considerando: "A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado"  *Media aritmética das dúas primeiras avaliacións contando positivamente, se é o caso, as tarefas desenvolvidas neste terceiro trimestre.

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	As tarefas que estamos a realizar neste 3º trimestre son de repaso das 4 unidades traballadas nos dous primeiros trimestres. Trataremos de ampliar contidos xa traballados e incluso facendo tarefas de recuperación nos casos que así o precisan. Tamén ampliaremos contidos básicos das leccións 5 e 6 que nos quedaron pendentes para o terceiro trimestre. Abordaremos estes contidos dende un punto de vista práctico e sempre realizando presentacións audiovisuais dos contidos previamente, para logo traballar os mesmos a través das tarefas diarias. Non profundizaremos demasiado dada a
--------------------	--

	<p>dificultade de levar a cabo a ensinanza de certos contidos a distancia, pero sí traballaremos para que o alumnado tome contacto con dous temas importantes de cara á súa posible ampliación o curso seguinte.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dende as limitacións que pode conlevar a ensinanza dunha lingua na distancia estamos a aproveitar todos os recursos dos que dispoñemos na rede e das aplicacións necesarias para poder levar a cabo producións orais, aínda que as limitacións tecnolóxicas fan que traballemos en gran medida a través de recursos escritos.</li> </ul>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b></p>	<p>Todo o alumnado ten conectividade en mellor ou peor media, refírome a que algúns discentes só dispoñen dun dispositivo móbil para conectarse, outros tamén dispoñen de tablets ou ordenadores con conexión, polo que procuramos que a comunicación bidireccional entre docentes e familia sexa o máis clara e sinxela posible a través dunha vía común para todo profesorado que imparte clases nun curso, a través da aula virtual de <b>Google Classroom</b> creada para tal fin.</p> <p>A través desta aula virtual enviamos os traballos tanto a nivel grupal como a nivel individual, no caso que ser necesario. Permítenos unha secuenciación temporal dos mesmos tendo o conta o total das áreas, xa que a coordinación entre todo o profesorado é fundamental para non saturar aos discentes nin ás familias, as cales xogan un papel moi importante de axuda neste momento.</p> <p>Tamén traballaremos cos libros dixitais para así poder dispor dos audios e videos, tan importantes na ensinanza-aprendizaxe dunha lingua estranxeira a distancia.</p> <p>Así mesmo por estas dúas vías e tamén a través do <b>email</b> recibimos os traballos realizados polo alumnado e respondemos ás cuestións e dúbidas que lles van xurdindo así como os problemas técnicos. Unha vez recibidos correximos posibles erros e completamos o proceso de aprendizaxe dun xeito complexo pero efectivo na medida do posible.</p> <p>Finalmente seguimos reforzando positivamente o seu traballo e esforzo diario.</p> <p>Empregamos outra vía online: a plataforma <b>snappet</b> para o traballo de repaso de tarefas presentadas na aula. Ofrece un feedback automático e permite a secuenciación de tarefas. Tamén inclúe un servizo de chat para a comunicación entre o alumnado e o profesorado.</p> <p>Unha vez á semana organizamos unha conexión por <b>videoconferencia</b> a través de Cisco Webex Meeting na cal a auxiliar de conversa e máis eu contactamos co alumnado. Nesta videoconferencia aclaramos dúbidas grupais e realizamos tarefas orais nas cales tratamos sobre todo de motivar ao alumnado nunha situación complexa como é a que estamos a vivir. Debo dicir que a participación a pesar das dificultades técnicas que xurden cada día é moi alta xa que se conectan</p>



	entre o 80 e o 90% do alumnado, polo que completamos así unha metodoloxía participativa e activa por parte do alumnado. Este método resulta moi positivo tendo en conta as dificultades varias coas que nos atopamos a diario.
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Google classroom</li> <li>- Blink learning: libros dixitais de Oxford</li> <li>- Plataformas de recursos interactivos</li> <li>- Vídeos explicativos personalizados</li> <li>- Formularios online</li> <li>- Xogos interactivos</li> <li>- Snappet: plataforma de tarefas interactivas e con feedback automático así como un servizo de chat para a consulta de dúbidas e a comunicación en xeral entre alumnado e profesorado.</li> <li>- Videoconferencia a través de Cisco Webex Meeting: Clase oral</li> </ul>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Comunicación bidireccional a través dos seguintes medios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Notas informativas por abalamobil</li> <li>- Páxina Web do Centro</li> <li>- Google Classroom</li> <li>- Plataforma para o emprego dos libros dixitais: Blink Learning</li> <li>- Videoconferencia (se fai falla chámase por teléfono)</li> <li>- Email</li> <li>- Snappet: plataforma de tarefas interactivas e con feedback automático así como un servizo de chat para a consulta de dúbidas e a comunicación en xeral entre alumnado e profesorado.</li> <li>- Nos casos que é necesario, chamada telefónica para explicar como imos traballando e axudar a conectarse a Google Classroom, cómo enviar ás respostas e traballos realizados e cómo conectarse ás videoconferencias.</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	Na páxina web do centro